

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día nove de outubro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

14/632 APROBACIÓN DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á JUNTA DE CONFRARÍAS DE SEMANA SANTA DE LUGO PARA O ANO 2019. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO REGULADOR.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da oficina de Participación Cidadá, do 1 de outubro de 2019 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente e visto que:

-No artigo 14.2 da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo establécese que “poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal, de acordo co procedemento regulado nesta ordenanza”.

-Na base 24 de execución do Orzamento xeral municipal do Concello de Lugo do ano **2019** figura nominativamente a previsión de subvención a **JUNTA DE CONFRARÍAS DE SEMANA SANTA DE LUGO PARA ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DE SEMANA SANTA** por importe de **SEIS MIL euros para a realización de ACTOS DE SEMANA SANTA** con cargo á partida 92400.48900.

-Do mesmo xeito, no Plan Extratécnico en Materia de Subvencións actualizado ao ano **2019** no seu Capítulo IX adicado ás Subvencións en materia de Participación Cidadá figura a prevision de subvención a **JUNTA DE CONFRARÍAS DE SEMANA SANTA DE LUGO (ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DE SEMANA SANTA)**.

-No capítulo II do Título II da ordenanza regulase o procedemento de concesión directa de subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral municipal, que esixe a elaboración e aprobación dun convenio a través do cal se establecerán as condicións, requisitos e compromisos das partes.

-A certificación de contabilidade de consignación na aplicación orzamentaria 92400.48900 (RC (RC 36244/19)

-No referente ao órgano competente para a súa resolución corrrespóndelle á Xunta de Goberno Local que se reserva, segundo o apartado p) do acordo núm. 28/452 da Xunta de Goberno Local, do 17 de xullo de 2019, a aprobación de convenios reguladores das subvencións nominativas,

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19x420140632

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-10-2019

-Dende esta unidade administrativa, solicitouse da entidade **JUNTA DE CONFRARIAS DE SEMANA SANTA DE LUGO** a presentación de toda a documentación precisa para a tramitación do convenio a cal obra no expediente, documentación que se estima completa aos efectos de conceder subvención.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade **“JUNTA DE CONFRARIAS DE SEMANA SANTA DE LUGO PARA ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DE SEMANA SANTA NIF: V-27294891, para o ano 2019, por importe de 6.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900(RC (RC 36244/19).**

SEGUNDO.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a citada entidade, recollido no informe proposta do citado departamento, o cal ten o seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E JUNTA DE CONFRARIAS DE SEMANA SANTA DE LUGO (V27294891) PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR A ORGANIZACIÓN DA SEMANA SANTA DURANTE O EXERCICIO 2019.

Na casa do Concello de Lugo, o de de 2019,

REUNIDOS

Dunha banda, Dona María Cristina López Fernández, con DNI núm. 33331391K, que actúa en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.

E, doutra banda, don Ramón Basanta Piñeiro, con DNI núm. 33.303.503, na súa calidade de Coordinador Xeral da Junta de Confrarías de Semana Santa de Lugo con CIF núm. V27294891.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral municipal.

II. Que a entidade Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo(CIF núm. V27294891) presenta un proxecto relativo á organización dos actos de Semana Santa do ano 2019 en Lugo que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que posúen,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento do proxecto “Organización dos actos de Semana Santa 2019” presentado pola entidade Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo (CIF núm. V27294891), con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para o financiamento parcial do proxecto “Organización dos actos de Semana Santa 2019 por entender que estas actividades complementan

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19x420140632

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-10-2019

as atribuídas ao Concello na información e promoción da actividade turística de interés e promoción da cultura “ (art 25-2-h-m da lei 7/1985, de 2 de abril).

Segunda.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de SEIS MIL Euros para a financiación das actividades obxecto deste convenio.

A entidade *Junta de Confrarías de Semana Santa* en Lugo(CIF núm. V27294891)comprométese a:

- Colaborar co Concelo de Lugo na organización dos actos da Semana Santa en Lugo para o ano 2019.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- **Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).**
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza xeral municipal de subvencións.

Terceira.- Crédito presupostario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior, o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o 2019 a cantidade de SEIS MIL con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900.

Cuarta.- Gastos subvencionables e prazo de realización

Considéranse gastos subvencionables os que responden indubidablemente á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e, en todo caso, dentro do ano natural. En particular, serán admitidos como tales os derivados das actividades propias da persoa beneficiaria ou da realización do proxecto ou actividade concreta, de acordo coa documentación achegada, como poden ser: nóminas, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural non inventariable, publicidade, gastos por subministracións e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2019, e terán a consideración de gastos subvencionables, unicamente, aqueles que foran aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e, en todo caso, dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devindicación, poderán aceptarse como

subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, para os efectos da súa fiscalización.

En todo caso, non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo iso tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei xeral de subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do sector público para o contrato menor, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, e deberá acreditar tal aspecto no momento de xustificar a subvención.

Quinta.- Execución do convenio e pagamento da subvención


Con carácter xeral, non se asumen pagos anticipados. A persoa beneficiaria poderá acadar o financiamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade. Cando, xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que a persoa beneficiaria achegue garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á súa efectividade por calquera dos medios previstos no artigo 108.1 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Esta subvención é compatible con calquera outra que poida acadar a persoa beneficiaria ata completar o custo da actividade.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola persoa receptora da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días, contados dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga coa aprobación da conta xustificativa presentada, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

Sexta.- Xustificación da subvención



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19x420140632

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-10-2019

Concedida a subvención, e para proceder ao seu pagamento, as persoas beneficiarias deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas, dirixido á Oficina de Participación Cidadá a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa:

1) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento, deberán especificarse as persoas usuarias, motivo e lugar, e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa persoa beneficiaria da subvención.

2) Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R. d. 1619/2012, do 30 de novembro, que se presentarán en documento orixinal, ou no caso de non ser documento orixinal, este deberá ser selado coa expresión “esta factura foi utilizada para xustificación dunha subvención concedida polo Concello de Lugo “e posterior incorporación dunha fotocopia ó expediente. Presentarase ademais declaración xurada expresiva de que estas non foron nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

a) Resguardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada selada pola entidade financeira.

b) Copia do cheque emitido a nome da persoa provedora que emite a factura.

c) Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o término “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo da persoa cobradora; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os “tíckets de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

d) Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non desta.

e) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de liquidación e cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Así mesmo, deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación.

No caso de pagamento de facturas de máis de 2.500 euros, unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no apartado a) anterior.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio, deberán vir acompañados da acreditación documental do receptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse, de ser posible, de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e receptores delas. Estas contías que, en todo caso, non deberán superar os 300 euros deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade como nos casos de contías satisfeitas para indemnizar os gastos ocasionados por realización de tarefas como voluntariado.

3) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.

4) Declaración de que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente.

5) Declaración de que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario, só poderá admitirse como gastos xustificadas a parte da base imponible.

Os documentos presentados no caso de non seren orixinais deberán ser valiados e selados na oficina municipal de Participación Cidadá, xestora do expediente administrativo cun selo existente para ao efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe para aplicar a este convenio. A indicación desta porcentaxe non será precisa no caso de imputar a totalidade da factura á xustificación da subvención.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 30 de decembro de 2019, e deberá presentar, ademais da documentación anteriormente relacionada, unha declaración xurada das subvencións ou axudas

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19x420140632

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-10-2019

obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade segundo o modelo normalizado. No caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

Para os efectos de xustificación, as asociacións ou entidades beneficiarias deberán xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida.

De non ter xustificado o importe necesario para os efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos como gasto subvencionable, minorarase o importe para percibir na contía necesaria, se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e, xa que logo, a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acadе o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, se é o caso, de acordo coa normativa reguladora das subvencións públicas.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade para desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade, as persoas beneficiarias deberán xustificar, como mínimo, un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas.

Sétima.- Duración do convenio

A duración deste convenio será dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2019 sen posibilidade de prórroga. Non obstante, os seus efectos económicos retrotráense ao 1 de xaneiro de 2019.

Oitava.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada neste convenio.

Novena.- Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre este.

Esta comisión estará composta, en representación do Concello de Lugo, pola concelleira delegada da área interesada, quen poderá delegar na persoa funcionaria da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte polo representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas nel.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Décimo primeira.- Control financeiro da subvención

As persoas beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao acordo de xustificación da subvención os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordada pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, se é o caso. Para tal efecto, o beneficiario someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

Décimo segunda.- Réxime xurídico

Este convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o artigo 111 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Lugo.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación deste convenio interpretaraas e resolveraas motivadamente o Concello de Lugo,



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19x420140632

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-10-2019

tras o ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

POLO CONCELO DE LUGO POLA ENTIDADE BENEFICIARIA”

TERCEIRO.-Aprobar a autorización e disposición do gasto de 6.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900 do vixente orzamento municipal ano 2018(RC 36244/19) a favor da dita entidade.

CUARTO.- Esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela pode interpoñer os seguinte recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante Alcaldía o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE número 236, do 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e aos servizos municipais afectados.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.